

| | |
|---------------|--|
| EXPEDIENTE: | 2021/00005930B |
| PROCEDIMENTO: | Elaboración e aprobación do Orzamento Xeral do Concello |

Faise necesaria a aprobación do Orzamento Xeral do Concello e do cadro de persoal para o exercicio 2021, atendendo ao disposto no artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

Este orzamento debe ser consolidado e confeccionado segundo o establecido nos artigos 115 a 118 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos. Así mesmo, debe harmonizar nun Orzamento único tódolos orzamentos que integran o Orzamento Xeral, coa finalidade de proporcionar unha visión de conxunto da actividade económica prevista pola Entidade Local, seguindo a normativa prevista para tal fin.

O contido e o procedemento a seguir veñen determinados polo desposto na Sección 1 do capítulo I do título VI do 181 Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa concordante, e ao abeiro do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (BOP n.º 45, de 6 de marzo de 2012), e o decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira.
- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

RESOLVO

A incoación do expediente de proxecto de orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2021, así como o do seu organismo autónomo “Auditorio de Galicia”, os estados de previsión de ingresos e gastos das sociedades mercantís de capital integramente municipal, INCOLSA e TUSSA, e das demais entidades participadas polo Concello que forman parte do expediente, Fundación Refuxio de Animais e Sociedade Mercados Centrais de Abastecimento de Santiago S.A. (MERCAGALICIA).